

ANEXO VI: SERVIZOS AFECTADO

1. INTRODUCCIÓN

A finalidade do presente Anexo é a de localizar coa maior precisión posible todos aqueles servizos que puidesen verse afectados polas obras proxectadas, ademais de expor as reposicións necesarias para dar continuidade ao servizo destas instalacións.

Na localización dos posibles servizos afectados polas obras desenvolvidas no presente "ANTEPROXECTO. MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA E.P. 9305 COIRÓN-RIBADUMIA-LEIRO, DO P.K. 4+450 Ó P.K. 4+950 (RIBADUMIA)", mantívose a metodoloxía exposta nos seguintes apartados.

2. DEFINICIÓN

Enténdese por Servizo Afectado todo o que se atopa comprendido na zona de obra e estea realmente afectado polas obras para executar, ou o que estando fóra dela, quede influído pola obra obxecto deste proxecto.

Por razón da súa utilización, os servizos pódense clasificar en:

- **Servizos Privados:** Son propiedade do titular dunha leira afectada, dando servizo en xeral, soamente a esta leira.
- **Servizos Públicos:** Pertencen a distintos Organismos ou Compañías (produtoras, distribuidoras, concesionarias, etc.), dando servizos a un ou máis usuarios. En xeral non teñen relación directa coas leiras polas que discorren, salvo a resultante das servidumes que impoñen.

3. CLASIFICACIÓN DOS SERVIZOS AFECTADOS

De forma xenérica, os servizos afectados dunha obra deste tipo clasifícanse tal e como se mostra a continuación:

REPOSICIÓN DE SERVIZOS A INCLUÍR NO ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:

- Alumeado
- Rede de abastecemento
- Rede de pluviais
- Rede de fecais

REPOSICIÓN DE SERVIZOS A INCLUÍR NO ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN:

- Redes de telecomunicacións
- Redes eléctricas (Alta, Media e Baixa Tensión)
- Redes de gas

No seguinte apartado analízase o caso particular da actuación desenvolvida no presente proxecto.

4. IDENTIFICACIÓN DOS SERVIZOS AFECTADOS

Débase sinalar que neste apartado identifícanse todos os servizos que é preciso repoñer, non distinguindo entre os servizos cuxa valoración de reposición inclúese en orzamento de execución material e aqueles cuxa valoración é para o coñecemento da Administración.

A priori, á vista dos servizos existentes na zona, as obras proxectadas provocarán afeccións ás seguintes redes:

- ▶ Alumeado público (Concello de Ribadumia): Deberanse retranquear 6 luminarias.
- ▶ Rede de telefonía: Considerouse o retranqueo desta rede á nova liña de muros de peches de vivendas, afectando a 5 postes e 300 metros de tendido aéreo de Telefonía existente.
- ▶ Rede de electricidade de Baixa Tensión: Considerouse o retranqueo desta rede á nova liña de muros de peches de vivendas, afectando a 4 postes e 130 metros de tendido aéreo de electricidade existente.

5. VALORACIÓN DOS SERVIZOS AFECTADOS

Segundo o comentado no apartado anterior, identifícanse e valoran as seguintes reposicións en materia de servizos afectados.

1.1 ALUMEADO PÚBLICO

A valoración do retranqueo das luminarias afectadas inclúese dentro do Orzamento de Execución Material do Proxecto.

1.2 REDE DE TELEFONÍA E ELECTRICIDADE

MI **Desmante de tendido aéreo de cable telefónico ou de electricidade, mesmo transporte de produtos a almacén, deducida a valoración do material recuperado.**

Denominación	Uds	Largo	Total
TELEFONÍA	1	300	300
ELECTRICIDADE	1	130	130
Total		430	mts
Prezo		4,85	€/ml
Orzamento		2.085,50 €	

Ud **Desmante de apoio, mesmo transporte de produtos a almacén, deducida a valoración do material recuperado.**

Denominación	Uds	Largo	Total
TELEFONÍA	5		5
ELECTRICIDADE	4		4
Total		9	Uds
Precio		370,50	€/Ud
Presupuesto		3.334,50 €	

Ud **Subministro e montaxe de apoio para liña aérea de telefonía. Totalmente colocado.**

Denominación	Uds	Largo	Total
TELEFONÍA	5		5
ELECTRICIDADE	4		4
Total		9	Uds
Precio		980,55	€/Ud
Presupuesto		8.824,95 €	

MI **Subministro e instalación aérea de cable multipar (ata 150 pares).**

Denominación	Uds	Largo	Total
TELEFONÍA	1	300	300
ELECTRICIDADE	1	130	130
Total		430	mts
Precio		19,57	€/ml
Presupuesto		8.415,10 €	

Importe total do Servizo Afectado de telefonía e electricidade: VINTE E DOUS MIL SEISCENTOS SESENTA EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (22.660,05 €).

Estas actuacións serán abonadas ao **50% (11.330,25 €)** entre o Promotor da obra e as propias Compañías Distribuidoras, e inclúese devandito importe no Orzamento para Coñecemento da Administración.